

Xoves 26

Horario de apertura das casetas
Mañá: de 10,30 h a 14,30 h
Tarde: de 17,30 h a 21,30 h

- 10.30 h** Inicio da Praza dos Libros 2010
- Toda a mañá** Feira tradicional de Carballo, cos mellores produtos alimentarios locais e de tempada
- 13.00 h** Inauguración e **pregón** a cargo de **Yolanda Castaño**
- 19.00 h** **Contacontos en verso para nenos/as** por parte de **Yolanda Castaño** a partir das aventuras do verme punki Punver (Galaxia)
Colabora: Letras Vivas
- 20.30 h** Presentación de **A Intervención** (Xerais), de **Teresa Moure**, con "videoinstalación" da autora. Participan:
-Antón Pedreira (libreiro)
-Teresa Moure (autora)

Xoves

Yolanda Castaño

Pregón inaugural e contacontos en verso

Pregón > Xoves 26 / 13.00 h
Contacontos en verso para nenos/as
> Xoves 27 / 19.00 h



A poeta e presentadora de televisión Yolanda Castaño será a encargada de abrir a Praza dos Libros 2010 e, ademais, o mesmo xoves 27 ás 18,00 h ofrecerá un contacontos en verso lúdico e participativo para nenos/as arredor do verme punki *Punver*, protagonista de dous dos seus libros publicados en Galaxia.

A intervención

Teresa Moure

Presentación e videoinstalación
> Xoves 26 / 20.30 h



Teresa Moure preséntanos a súa última novela, *A intervención* (Xerais 2010), na que un pianista retirado, unha dermatóloga, o fillo desta, estudante universitario, e mais unha das súas profesoras na facultade de Historia se reúnen para constituiren un comando artístico. O seu obxectivo é levar a cabo unha *performance* un tanto particular, a medio camiño entre a creación estética e a toma de conciencia política. A autora amosará na presentación unha súa videocreación.
Editorial: Xerais

Venres

Contos pícaros

Raquel Queizás

Contacontos para nenos/as
> Venres 27 / 12.30 h

Queilina leva tempo viaxando na procura de contos "pícaros". Non son contos calquera, son aqueles que se escapan dos libros cando os deixamos abertos, e que se agochan detrás das orellas, debaixo dos zapatos, no peto... e hai que atrápalos.

Venres 27

Horario de apertura das casetas
Mañá: de 11,00 h a 14,00 h
Tarde: de 17,30 h a 22,00 h

- 12.30 h** **Contos pícaros**
Contacontos de **Raquel Queizás**
Colabora: Letras Vivas
- 19.00 h** **O galo Quirico e os seus amigos**
Monicreques Seisdedos
Colabora: Letras Vivas
- 19.30 h** -Sinatura de **En clave de sol** (Lumieira) por parte de **Rosalía Fernández e Mon Lendoiro**
-Sinatura das obras de **Alberto Varela Ferreiro**
As primeiras 60 persoas que se acheguen a asinar un libro, serán agasalladas co libro de banda deseñada *1809. A rebelión Nería*, de Alberto Varela Ferreiro, xentileza da Asociación Nería
-Sinatura de **Xosé Antonio Pet Pose**, da súa última obra *O Náufrago* Ed. Sotelo Blanco
- 20.30 h** Presentación de **Covalladas. Prosa vertical** (Galaxia), de **Xurxo Borrazás**. Participan:
-Belén Puñal, xornalista
-Xurxo Borrazás, autor
- 22.30 h** Festival de música e baile tradicional, con grupos de Carballo e Uruguai
Colabora: Arume, Nemeth e O Ceibo

O galo Quirico e os seus amigos

Seisdedos

Monicreques con música en directo
> Venres 27 / 19.00 h



Espectáculo de marionetas no que os/as nenos/as participan saltando e danzando. Unha posta en escena con marionetas e teatro de cartón con música en directo de acordeón para narrar a historia do Galo Quirico, publicada por Bernardino Graña.

En clave de sol

Rosalía Fernández e Mon Lendoiro

Sinatura
> Venres 27 / 19.30 h



Poemario musical da carballesa e muiá Rosalía Fernández Rial no que se poden escoitar as noites e descubrir as súas tonalidades. Entre os distintos tipos de noites agochábanse bailes imposibles, historias secretas, partituras ilegais e outros delirios

xenialmente ilustrados polo pintor carballes Mon Lendoiro.
Editorial: Asociación Cultural Lumieira

Alberto Varela Ferreiro

Sinatura
> Venres 27 / 19.30 h



Alberto Varela Ferreiro é un prolífico e occorrente ilustrador, deseñador e debuxante carballes que leva gañando premios e publicando tanto en revistas como en libro desde os oitenta. Entre as súas múltiples obras pódense destacar as da serie *Anamarciana* (Xerais), *Brumm-Brumm* (Xerais 2004), *Dona Landra contra a Lapa* (Xerais 2007), *Dona Landra no Río Revolto* (Xerais 2009), *Misterio na selva de Ngorongón* (Galaxia 2009), etc.

As primeiras 60 persoas que se acheguen a asinar un libro del serán agasalladas coa súa última publicación: *1809. A rebelión Nería* (Asociación Nería).

Covalladas. Prosa vertical

Xurxo Borrazás

Presentación
> Venres 27 / 20.30 h

Sábado 28

Horario de apertura das casetas
Mañá: de 11,00 h a 14,00 h
Tarde: de 17,30 h a 22,00 h

- 12.30 h** **Obradoiro de regueifas** con Luís O'Caruncho e Bieito Lobarriñas
Colabora: Letras Vivas
- 18.00 h** **Xogos populares e tradicionais** para todos/as no Xardín Municipal. Mariola, corda, pano...
Colabora: Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional (AGXPT)
- 19.00 h** Presentación de **O regueifeiro Celestino Álvarez Castro, Celestrino**, de Xosé Manuel Varela Varela (AV Monte d'Arxa). Participan:
-Suso de Xornas (regueifeiro)
-Fermín da Feira Nova (regueifeiro)
-Fernando Álvarez García (fillo de Celestrino)
-Xosé Manuel Varela (autor)
- 19.30 h** **Desafío regueifeiro**, con:
-Suso de Xornas
-Fermín da Feira Nova
-Luís O Caruncho
-Bieito Lobarriñas
- 20.30 h** **A lingua que queremos**. Presentación conxunta de:
-**Lingua e futuro** (Laivento), coordinado por Goretti Sanmartín
-**Lingua de calidade** (Xerais), de Xosé Ramón Freixeiro
-**Estudios xurídicos sobre o decreto para o plurilingüismo** (Laivento), coordinado por Luís Villares
Participan:
-Goretti Sanmartín (profesora da UdC)
-Xosé Ramón Freixeiro (catedrático da UdC)
-Luís Villares (xuíz)
-Silvana Castro (profesora de Lingua)
- 22.30 h** **En galego**
Concerto de Os Carunchos
Colabora: aCentral folque e Atlántica de Construción

Sábado

Obradoiro de regueifas

Luís O Caruncho e Bieito Lobarriñas

> Sábado 28 / 12.30 h

Dous dos máis coñecidos regueifeiros galegos amosaránlle a todas as persoas interesadas as súas técnicas e destrezas para a nosa improvisación oral en verso, a versión galega do hip hop, a regueifa.

O regueifeiro Celestino Álvarez Castro, Celestrino

Xosé Manuel Varela Varela

Presentación e improvisación oral de regueifeiros
Sábado 28 / 19.00

Velaquí un libro que produce asombro. Asombro polo que conta e polo xeito asombroso en que o fai. Neste libro de estrutura rizomática e aparencia alegórica hai máis parodia que alegoría, cun humor que xoga a dotarse de sentido sen caer na trampa de redución todo ao sentido. Unha vez máis, Xurxo Borrazás (Carballo, 1963), un dos autores máis salientábeis da literatura galega, volve sorprendernos coa súa prosa, desta volta vertical.
Editorial: Galaxia

Domingo 29

Horario de apertura das casetas
Mañá: de 10,30 h a 14,30 h
Tarde: de 17,30 h a 21,30 h

- Todo o día** Cidobiblioteca
- Toda a mañá** Feirón de Verán, cos mellores produtos alimentarios locais e de tempada
Un libro, un pan
Todas as persoas que merquen algún libro serán agasalladas cun pan da marca *Pan de Carballo*
Colabora: Pan de Carballo
- 11.30 h** **Contacontos** para nenos e nenas de Anxo Moure
- 12.30 h** **Sinatura de Novedades, souvenirs, artigos de coña** por parte de **Rober Bodegas**
- 18.00 h** Presentación de **Galiza en Suíza. 50 anos de presenza galega en Suíza** (CIG), coordinado por Xurxo Martínez Crespo. Participan:
-Marianne Helfer
-Xurxo Martínez Crespo
- 20.00 h** **Palabras máxicas**
Espectáculo de maxia de Cristian Magic a partir do libro *Atrapado na torre* (Everest)
Colabora: Letras Vivas
- 21.30 h** Peché da Praza dos Libros 2010



Xosé Manuel Varela Varela traballa, entre outras cousas, en facer florecer a regueifa, esa improvisación oral en verso propia que debe ser recuperada. Neste libro fáláanos dun dos mellores regueifeiros da zona, o Celestrino.
Editorial: AV Monte d'Arxa



Nos últimos meses foron moitos os libros publicados arredor do tema da lingua, tanto colectivos como individuais, mediante os cales se difunden ideas, discursos, argumentos e métodos para mellorar o xusto proceso de normalización social da lingua galega. Neste acto presentáranse tres deses libros: *Lingua e futuro* (Laivento 2010), libro colectivo coordinado pola profesora Goretti Sanmartín Rei; *Lingua de calidade* (Xerais 2010), do catedrático carballes Xosé Ramón Freixeiro Mato; e *Estudios xurídicos sobre o decreto para o plurilingüismo* (Laivento 2010), coordinado polo xuíz Luís Villares Naveira.

Desafío regueifeiro

Suso de Xornas, Fermín da Feira Nova, Bieito Lobarriñas e Luís O Caruncho

> Sábado 28 / 19.30 h



Sesión de improvisación oral con catro dos mellores regueifeiros, dous bergantiniáns e dous de fóra.

A lingua que queremos

Presentación conxunta dos últimos libros de Goretti Sanmartín, Xosé Ramón Freixeiro e Luís Villares

> Sábado 28 / 20.30 h

En galego

Os Carunchos

Concerto
> Sábado 28 / 22.30 h



Grupo lúdico que converte calquera espazo nunha festa chea de ritmos bailables e cancións tranqueiras. Música para vivir e compartir a emoción e a lección das xotas, vales, muiñeiras, rumbas... sen límite.



Do 26 ao 29 de agosto
Xardín Municipal

Praza dos libros

Feira literaria de Carballo



2010

Praza dos libros

Feira literaria de Carballo

Domingo

Ciclobiblioteca

> Domingo 29 todo o día. ás 11.30 h, contacontos



Unha orixinal biblioteca con rodas pilotada polo contacontos Anxo Moure percorrerá a feira cos seus contos itinerantes. Haberá sesións espontáneas de contacontos.

Novedades, souvenirs, artigos de coña

Roberto Bodegas

Sinatura
> Domingo 29
12.30 h



Galiza en Suiza

Xurxo Martínez Crespo (coord.)

Presentación
Domingo 29 / 18.00 h



Galiza en Suiza. 50 anos de presenza galega en Suiza o é o primeiro libro que de xeito global recolle a historia migratoria en Suiza con múltiples imaxes que abranguen desde a chegada dos primeiros emigrantes até os nosos días.
Editorial: CIG

Palabras máxicas

Cristian Magic

Espectáculo de maxia
> Domingo 29 / 20.00 h



Espectáculo creado a través da imaxinación e creatividade e baseado na maxia que se pode desprender da lectura. Mediante a sucesión de xogos de maxia, Chrystyan Magic tentará descubrirelle a nenos e nenos a ilusión, fantasía e maxia que se esconde nos libros e contos. Un espectáculo que ten como obxectivos esperar a imaxinación, descubrir o goce da lectura e presentar a maxia como un atractivo e un novo xeito de animar á lectura. O espectáculo baséase no libro *Atrapado na torre* (Ed. Everest).

Do 26 ao 29 de agosto
Xardín Municipal

2010

Este ano a Praza dos Libros estará chea de actividades para todas e todos. Catro días de contacontos, música, monicreques, libros, regueifas, maxia, presentacións e outras propostas que encherán de imaxinación e creatividade o Xardín Municipal.

O xoves 26 pola mañá a Praza dos Libros convivirá coa Feira tradicional de Carballo e o domingo 29 co Feirón de Verán, con compra, venda e difusión dos mellores produtos locais e de tempada

Todos os libros mercadas na Praza dos Libros terán un desconto do 10%

Sorteos de lotes de libros
Todos os días, ás 21.15 h, se fará un sorteo dun lote de libros entre todas as persoas que mercaran algún libro ese día na feira. Os/as premiados/as

poderán recoller o seu lote até o domingo 29 de agosto ás 21.30 h no stand do Concello de Carballo

E, ademais...

Il Ruta do pincho de verán: remata o domingo 29 de agosto, cos mellores pinchos en diferentes bares de Carballo

Berocasión. Feira do vehículo de ocasión de Bergantiños. Sábado 28 e domingo 29 de agosto no Rego da Balsa de Carballo

Organiza:



Concello de Carballo
Concellaría de Cultura e Normalización Lingüística
Literactúa. Programa de difusión do libro e a lectura

Colaboran:



Participan:

Librería Brañas (Carballo)
Librería Como unha novela (A Laracha)
Librería Couceiro (A Coruña)
Librería Orzales (A Coruña)
Librería Pedreira (Santiago)
Librería Roget (Vimianzo)
Librería Trasgo (Carballo)
Concello de Carballo